

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Nomeamento funcionario de carreira - Luis Javier Castro Martínez

EXPEDIENTE: 2023/G003/001229

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 364/2023, de 20 de marzo, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso para a provisión dunha praza, polo sistema de promoción interna – funcionalización, de arquitecta/o técnica/o, correspondente á Oferta de emprego público do ano 2021.

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 4 de outubro de 2023, pola que se propón o nomeamento do aspirante Luis Javier Castro Martínez, por ser a persoa que superou o proceso selectivo.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1179/2023, de 11 de outubro de 2023, que lle requiriu ao candidato proposto a documentación establecida nas bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por Luis Javier Castro Martínez o día 16 de outubro de 2023, con Rexistro de Entrada nº 4930.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como funcionario de carreira, pola queda de promoción interna, a Luis Javier Castro Martínez, con DNI nº ***7831**, para prover unha (1) praza de arquitecto técnico, grupo A2, adscrito á Área de Urbanismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Segundo.- Notificar a presente resolución ao aspirante nomeado, comunicándolle que deberá tomar posesión e incorporarse no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento, de conformidade co artigo 60.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Terceiro.- Dar traslado desta Resolución á Intervención e Tesouraría Municipais e ao Departamento de Recursos Humanos.

Cuarto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal> , no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria accidental, que dou fe
María Elena Sueiro Fernández

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)